


Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repopoación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **trituration de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**

Modelo silvícola PN1

Piñeiro negral *P. nigra* subsp. *salzmannii* var. *corsicana*



Piñeiro negral

P. nigra subsp. *salzmannii*
var. *corsicana*

MODELO SILVÍCOLA PN1

Madeira de serra e chapa

1 PREPARACIÓN DO TERREO

- Subsulado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

2 PLANTACIÓN

- **Densidade da plantación:** de 1.100 a 1.600 pés/ha, segundo pendente e obxectivo da reforestación.
- **Marco da plantación:** de 3 a 3,5 m entre liñas.

3 MANTEMENTOS

- **Primeiro ano:** reposición de marras e roza total.
- **Ata os 2-10 anos:** roza mecanizada entre liñas de plantación e manual, nas plantas.
- Posible mantemento con gando, con roza previa da matogueira cando sexa necesario, cargas de 0,2 vacas ou 0,3 cabalos/ha.



MODELO SILVÍCOLA PN1

ESPECIE: *P. nigra* subsp. *salzmannii* var. *Corsicana*, aplicable a formacións mixtas con outros piñeiros ou frondosas autóctonas

OBXECTIVO: madeira de serra e chapa. 250 pés/ha de calidade en corta final

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais, especialmente nos distritos de montaña VII e VIII de Lugo, XIII, XIV e XV de Ourense e nunha cota de 800-1.200 m de altitude



Máis información do modelo

4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:** de 2,5-3 m cando a altura da árbore sexa de 6-7 m. Nas árbores de porvir farase poda alta ata 5,5-6 m sobre 300-400 pés/ha de máis de 12 m.
- **Desmestas:** aos 10-15 anos sobre árbores dominadas e con defectos co fin de deixar uns 900-1.200 pés/ha. Obteríase madeira para estelado. Tratamento de restos por trituración ou retirada para aproveitamento.
- **Primeira rarea:** realizarase aos 20-30 anos e acompañarase de poda alta.
- Ata os 55 anos aplicaranse de 3 a 4 rareas separadas de 5-10 anos entre si, buscando deixar os 400-500 pés de porvir.
- Deixar cando menos entre 5-10 anos para realizar a corta de rexeneración, dependendo da calidade de estación.

5 CORTA FINAL

- **Idade de corta:** aos 60-80 anos.
- **Método de corta:** corta a feito ou a feito en dous tempos con 25-50 árbores pai por hectárea durante 5-10 anos.